

Fontes

As Medidas Económicas para un programa de goberno provisorio galego e as Bases Constitucionais para a participación da Nación Galega nun Pacto Federal e de Goberno Provisorio Galego.

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

“De nazon gallego”

Testamento do cuntiense Francisco do Campo e da Ermida

Heitor Picallo Fuentes

O mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives: primeira documentación romances (1255-1271)

Ricardo Gutiérrez Pichel

Investigación

Lectura d' *A Contenda dos Labradores de Caldelas* en relación cos feitos históricos que nela se reflicten

Xohán Xabier Baldomir Cabanas

A xeneloxía entrelazada como método para a investigación histórica.

A burguesía estudada a través dos seus fillos (A Coruña, 1939-1956)

David Castro Pérez

Gonçalo Sampaio e Baltasar Merino e o estudo da Flora ibérica.

Análise de documentación epistolar

João Paulo Cabral

Abelardo Miguel. A pintura como expresión de identidade.

Aproximación biográfica e estilística.

María Fidalgo Casares

Aproximación ao estatuto xurídico da muller casada no século XIX

Diego Pardo Amado

1968 e a sediçom contemporánea

Antom Santos Pérez

A entrevista

Xusto Beramendi González

Lembranzas

Ricardo Flores Peres

Museos e Arquivos

Museo-Fundación Ortegalia

Lecturas

Fuero Gómez / Libro de protocolos de Xoán García, notario de Ourense (ano 1490) /

Espéjos. Una historia cast universal.

A Rede

www.culturalminda-teboke.com/ www.angolanistas.org/ www.galicia.bnf.fr/ VoyagesEnAfrique/

 **Murguía**



PVP 10 €



Murguía

Revista Galega de Historia

ISSN 1491-9197

As Bases Constitucionais,
un documento chave do século XX

San Salvador de Sobrado de Trives,
ou das primeiras letras en galego

Gonçalo Sampaio e Baltasar Merino,
dous estudosos da Flora ibérica

O estatuto xurídico
da muller casada no século XIX

O Museo e Fundación Ortegalia

Xusto Beramendi
e a infatigábel pescuda histórica

Abelardo Miguel, a pintura identitaria

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel
Heitor Picallo Fuentes
Ricardo Gutiérrez Pichel
Xohán Xabier Baldomir Cabanas

Diego Pardo Amado
David Castro Pérez
João Paulo Cabral
María Fidalgo Casares

Antom Santos Pérez
Ricardo Flores

El Espo m fca

15
16

ISSN: 1696-9197

Deposito Legal: C-1640-2003

Imprime: Litonor

Asociación Galega de Historiadores/as (AGH)

©Colectivo Murguía

©Pontenotempo

Subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

*Murguía, Revista Galega de Historia non comparte
necesariamente o contido das opinións e textos
publicados asinados polos seus autores*

Sumario

Fontes

*As Medidas Económicas para un programa de goberno
provisorio galego e as Bases Constitucionais ...*

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel 9

“De nación gallego”:

Testamento do cuntese Francisco do Campo e da Ermida

Héitor Picallo Fuentes 37

O mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives:

primeira documentación romance (1255-1271)

Antonio Gutiérrez Pichel 47

Investigación

Lectura d'*A Contenda dos Labradores de Caldelas*
en relación cos feitos históricos que nela se reflicten

Xohán Xabier Baldomir Cabanas 75

A xenealoxía entrelazada como método para a investigación histórica.

A burguesía estudada a través dos seus fillos (A Coruña, 1939-1956)

David Castro Pérez 91

Gonçalo Sampaio e Baltasar Merino e o estudo da Flora ibérica.

Análise de documentación epistolar

João Paulo Cabral 111

Abelardo Miguel. A pintura como expresión de identidade.

Aproximación biográfica e estilística.

María Fidalgo Casares 137

Aproximación ao estatuto xurídico

da muller casada no século XIX

Diego Pardo Amado 155

1968 e a sedición contemporánea

Antom Santos Pérez 169

A entrevista

Xusto Beramendi González,

catedrático de Historia Contemporánea e América 191

Lembranzas

Ricardo Flores Peres 195

Museos e arquivos

Museo/Fundación Ortegalia 199

Tempo exterior

PVP: 10 euros
www.igadi.org

REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS

Índice

Carta aos lectores

A quinta ampliación: Pode morrer de éxito a UE?
Celso Cancela Cutada

A política exterior europea: debilidades estruturais e desafíos globais.
Benjamin Kienzie

Europa na encrucillada.
Daniel Varela-Suanzes Carpegna

A crise da UE, unha crise de crecemento?
Rosa Míguez Ramos

Europa en construción.
Ana Miranda

A propósito da integración da UE: máis alá do presente e do futuro.
Mark Miller

A UE a 50 anos da súa constitución: qué pode aprender América Latina da súa experiencia?
Eliana Dam e Ursula Eyherabide



A Europa dos 27 e as súas implicacións para América Latina.
María Elisa Gentile

Tempos de cambio en Francia.
Enrique Sáez Ponte

Lituania: un actor descoñecido.
Pablo Penas Franco

O vector Galicia-Lituania no espazo europeo.
Raúl José R. de Espoza

Internet, un instrumento para a cidadanía do mundo.
Luis A. Pousa

O Intervencionismo de EUA en América Latina.
Xoán Anlio

Libros

Resumo-Resumen-Abstract



www.igadi.org

Tempo exterior é unha revista semestral de análise e estudos internacionais. Editada en Galicia e en galego, os seus contidos abordan con perspectiva os asuntos máis candentes da realidade internacional, sen desatender os intereses propios. Dirixida por Xulio Ríos, conta cun Consello Académico que reforza a súa independencia, pluralidade e rigor. De utilidade para estudantes, profesores, políticos ou empresarios, profesionais ou líderes sociais nos máis diversos campos, *Tempo exterior* é unha publicación do seu interese.

Subscripcións: IGADI, Avda. Joselín 7 P3 4ºB-D, 36300 Baiona (Pontevedra, Tel. 986 357 238, e-mail: info@igadi.org)

Tempo exterior: consulte os seus contidos en www.igadi.org

O mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives: primeira documentación romance (1255-1271)

Ricardo Gutiérrez Pichel¹

Introdución

O mosteiro de Sobrado, pertencente á diocese de Astorga, sitúase na actual freguesía ourensá de S. Salvador de Sobrado de Trives, “en la vertiente norte de la sierra de Queija, entre los ríos Bibey y Cabalar, en la carretera de Trives a Manzaneda y en el antiguo camino de Orense a Villafranca del Bierzo” (Duro Peña 1969: 8). Do antigo mosteiro hoxe conservamos unicamente a súa fermosa igrexa románica². Os testemuños documentais e máis arqueolóxicos coñecidos na actualidade aínda non permiten desentrañar por completo a historia inicial desta primitiva comunidade dúplice (exclusivamente feminina no baixo medievo), fundada como moi tarde nos inicios da 2ª metade do séc. X baixo o goberno de S. Salvador de Celanova³. A documentación aquí presentada abrangue as primeiras décadas da 2ª metade do séc. XIII, época na que a maior parte dos testemuños remiten aos contratos enfiteuticos (docs. 1-4, 7-8, 10-13) emanados da administración facendística levada a cabo pola abadesa Mariña Rodríguez

¹ Esta contribución enmárcase dentro da liña de investigación “Edición paleográfica de obras medievals” desenvolvida no grupo de traballo do TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), no Instituto da Lingua Galega, baixo a dirección de Xavier Varela Barreiro.

² Unha bibliografía recapitulatoria actual sobre este aspecto artístico pódese consultar en Moure Pena 2003: 179, n. 2, 3, 5, 6.

³ Ademais do propio estudo de Duro Peña (1969) e Martínez Sáez (1988) na súa tese de doutoramento, remito aos dous traballos máis recentes que se ocuparon do percorrido histórico deste mosteiro: Moure Pena 2003 e López Morán 2005, nos que o lector interesado poderá atopar todas as referencias bibliográficas existentes sobre o tema.

(presente neste cargo até 1280). Con todo, tamén rexistramos dúas vendas (doc. 5: entre particulares; doc. 6: entre o mosteiro e o bispo de Lugo) e unha avinza ou composición entre a abadesa e un clérigo da mesma freguesía de Sobrado de Trives (doc. 9). Como é de sobra coñecido, a reforma dos institutos beneditinos posta en marcha a partir de 1494 supuxo a incorporación do mosteiro de Sobrado ao de S. Paio de Antealtares.

A documentación deste mosteiro bieito foi obxecto de edición, cando menos de maneira conxunta, en dúas oportunidades: en primeiro lugar, nunha pequena escolma documental publicada por Duro Peña en 1967 na que se incluían 20 pezas textuais dos sécs. XIII (a. 1228) a XVI (a. 1565). Case 20 anos despois, en 1988, Martínez Sáez defende como Tese de Doutoramento a colección diplomática íntegra (387 docs. incluídos os rexestos dos diplomas perdidos) do mosteiro até a súa anexión a S. Paio. Desde o punto de vista filolóxico é importante mencionar tamén o traballo de Pensado (1969), no que, como o seu propio título indica, se realiza un ‘comentario lingüístico’ dalgúns dos diplomas editados por Duro Peña.

Nesta contribución presento a edición filolóxica (‘interpretativa’, vid. infra) dunha escolma documental integrada por 13 textos que constitúen os primeiros exemplos de escrita instrumental romance do cenobio ourensán. As fontes documentais de S. Salvador de Sobrado de Trives pertencentes a esta primeira época (séc. XIII) atópanse maioritariamente no Arquivo de S. Paio de Antealtares⁴ (AA: sección *Pergameos*, mazo 2A⁵), mais tamén se custodian algúns diplomas no Arquivo Histórico Nacional (AHN: sección *Clero*, A Coruña, S. Paio de Antealtares, carp. 521; e sección *Clero*, Lugo, Catedral, carps. 1330/C e 1330/G) e no Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS: fondo *Blanco Cicerón*).

Criterios de transcripción

A edición interpretativa⁶ destes documentos pretende conservar ao máximo posible as características do texto orixinal, sempre e cando foi posible atribuírlles algún tipo de pertinencia lingüística. Así mesmo levouse a cabo algunhas intervencións regularizadoras, centradas na modernización –segundo a norma actual– do uso das maiúsculas e minúsculas, dos signos de puntuación e da unión e separación de palabras. Debido á limitación de espazo, deseguido exporei unicamente algunhas puntualizacións ao respecto.

1. En canto a este último punto, a regularización efectuouse só nas formas (des)ligadas por razóns fónicas ou gráficas sen ningún tipo de relevancia lingüística (“deSsobrado”, “omonesteiro”). Conservouse, por contra, a situación orixinal do texto en casos coma os pronomes enclíticos ou os encontros da preposición co determinante

⁴ Agradézolle unha vez máis á súa arquivista, M^a Mercedes Buján Rodríguez, a plena dispoñibilidade para a consulta e reprodución (dixital) dos orixinais.

⁵ Este mazo acolle 49 docs. do séc. XIII, desde a. 1228. Os catro mazos restantes integran a totalidade da documentación custodiada neste arquivo: mazo 2B1 (29 docs.), 2B2 (41 docs.), 2C1 (29 docs.), 2C2 (28 docs.).

⁶ Tomei como referencia os traballos de C. de Azevedo Maia (1986: 19-33), R. Lorenzo (1988: 10-17 e 2004: 449-58), A. M. Martins (2001: 42-52) e J. A. Souto Cabo (2008); vid. tamén Gutiérrez Pichel 2004 e 2008.

(“perlos”, “sobrello”, “eno”, “desta”); os casos de elisión vocálica non contemplados na actualidade como contraccións márcanse con apóstrofo (“d’abril”, “d’Esquadro”). Indico coa barra vertical en sub índice (‘|’) a separación orixinal dos elementos constitutivos de certas palabras⁷ (“de|mays”, “octro|si”). Do mesmo xeito, fago constar co guión baixo (‘_’) a separación de formas ligadas no orixinal por razóns de índole fónica ou gráfica e que poden ser lingüisticamente relevantes (“atroen_no”, “don_Afonso”).

2. Polo seu valor fonético, considero pertinente conservar a acentuación presente no orixinal⁸. Por posibles dificultades tipográficas, cando a plica vai enriba do <j> transcribo <í>.

3. Convencións gráficas xerais.

‘ / ’: palabras ou letras escritos no interliñado.

‘ () ’: caracteres engadidos por esixencias do sentido debido ao esquecemento evidente do amanuense.

‘ [] ’: reconstrución segura dun determinado treito no que o soporte está deteriorado ou desaparecido. Esta intervención foi realizada tendo en conta, en primeiro lugar, a *scripta* do notario.

‘ [...] ’: o soporte está deteriorado e a lectura non é posible.

‘ [—] ’: o soporte está desaparecido.

‘ < > ’: lecturas problemáticas ou dúbidas.

‘ ‘ ’: indica a corrección feita polo propio amanuense; na maior parte dos casos este sinal vai acompañado dunha nota a pé na que se indica a motivación da dita corrección.

‘ { } ’: desenvolvementos abreviativos especiais (vid. infra 4.d.).

4. Símbolos abreviativos. Deixo constancia (en cursiva) de todos os desenvolvementos, malia existiren certas secuencias cuxa expansión resulte, en principio, inequívoca.

a) Signo xeral de abreviación con valor nasal. Conservo o trazo cando marca nasalidade vocálica, na vogal inmediatamente anterior á consoante nasal etimolóxica (“mãu”). Con valor de consoante implosiva, desenvolvo a opción maioritaria nos textos (<n> ou <m>; vid. nota 13). Nos casos onde a lineta superior pode indicar nasal palatal transcribo <n̄> (ec. *coñoçuda*, *Mariña*, *poño*).

b) Para a expansión de certas abreviaturas das que non consta a correspondente forma plena ou esta non é sistemática, acudo en primeiro lugar ao contexto máis próximo do documento, isto é, a produción do mesmo amanuense. De xeito

⁷ Os topónimos compostos por dous elementos desligados no orixinal foron tratados deste xeito sempre que houbera constancia da súa xunción na forma actual estandarizada (“Uilajnoua”).

⁸ O emprego das plicas resérvase, cando menos, á indicación de hiato vocálico, ou á posible vontade de representar a nasalidade presente nunha determinada secuencia fónica, ben sexa vocálica ou consonántica. Outras ocasións a súa presenza obedece a razóns de índole puramente gráfica; por exemplo, para evitar confusións entre certos caracteres contiguos (ex. “liures”, “escruiur”, “termio”).

complementario emprego a información da colección documental no que se integra ou ao acervo textual do período (e/ou situación xeográfica) que nos ofrece a consulta crítica dos *corpora* da Galicia medieval: o TMILG e o CODOLGA.

c) En ocasións, a existencia da lineta superior (xeralmente de lonxitude media e cunha lixeira curvatura) en determinadas formas non implica realmente abreviación senón que reflicte a subsistencia da tradición gráfica latina (ex. “dōna” < *dom(i)na*, “āno” < *annu*, “ōme” < *homine*). Por tratarse dun grupo pechado de formas indícoas a continuación facendo referencia á liña e documento⁹ nos que se atopan. Como é habitual a maior parte dos casos isto acontece nas formas *ano(s)* < ANNU, *como* < QUOMODO, *dona(s)* < DOM(I)NA, *mill* < MILLE, *ome* < HOMINE; velai as ocorrencias rexistradas nos textos:

ano(s) (6.1, 7.6, 7.11, 8.11, 9.11, 13; 10.1, 11.11, 12.13, 20; 13.16, 19, 25), como (5.1, 7.1, 8.1, 9.7, 8; 10.2, 6; 12.2, 13.2), dona(s) (6.2, 3, 4, 10 [2], 11; 9.1, 21; 10.2, 11.2, 12.2, 13.2, 7), mill (10.1, 11.9, 11), ome (5.9, 7.6, 7.10, 8.6, 10; 12.5, 9, 16; 13.15).

Con este valor reminiscete o trazo aparece tamén naqueles vocábulos definitivamente fixados na súa forma plena romance mais con moita frecuencia abreviados segundo o patrón clásico (vid. infra Gutiérrez Pichel 2008:§ 6.1.5.e), coma no caso dos patronímicos:

Eanes (10.3, 11v, 11.1, 3) < IOHANNIS (‘iohis’), Paez (5, 16) < PELAGII (‘plgī’, ‘plz’). Talvez o mesmo aconteca con *puplico* (11.17), moitas veces abreviado en ‘pp^{mo}’.

Finalmente este cristalizado uso ‘pseudo-braquigráfico’ exténdese con moita facilidade ao resto das formas¹⁰, se ben neste período primitivo aínda non é xeral:

abbadessa (10.3, 8; 11v), compral (7.9), pan (8.6), Sancho/a (3.13, 7.14)

d) A expansión dalgunhas formas abreviadas resulta especialmente problemática cando existe un desfase entre o símbolo gráfico da abreviatura (de carácter latinizante/etimoloxizante, herdado do sistema braquigráfico latino) e a grafía da forma plena (romance). Debido ao carácter anfíbolóxico deste tipo de abreviaturas (“dcto”, “Iohñs”, “md”, “mōn”, “plz”, “tlā”, etc.) presentes nunha *scripta* innovadora aínda temperá (aa. 1255-1272), considero pertinente conservar o símbolo gráfico orixinal e expandir os caracteres abreviados segundo o modelo conservador (“dīcto” vs. ‘dito’, “Iohannis” vs. ‘Eanes’, “Pelaez / Pelaiiz” vs. ‘Paez’, “Miguelz” vs. ‘Miguelz’, etc.). Con todo, deixo constancia desta circunstancia incluíndo as chaves “{ }” nas formas do texto.

5. Aparato diplomático. A transcripción dos textos vai precedida da indicación da data crónica, da tipoloxía textual e intervinientes na *actio*, e dunha concisa información arquivística: transmisión textual (orixinal: A; copia: B), cota arquivística con referencia

⁹ Estas dúas referencias atópanse separadas por punto. Tamén indico os exemplos existentes nos rexestos do reverso do documento (ex. 11v).

¹⁰ Semella que a lineta ou trazo curvo aparece con máis frecuencia cruzando as grafías de astil superior, como por exemplos <ch>, <l>, <s> ou .

a signatura antiga, indicación se é orixinal múltiple (quirógrafo), medidas do soporte (pergameo), estado de conservación e referencias do doc. atopadas nos instrumentos de rexistro e descrición modernos custodiados no mosteiro de S. Paio de Antealtares¹¹. Finalmente inclúo todos os apuntamentos presentes no reverso do documento, normalmente rexestos modernos (e, en menor medida, medievais). Complementariamente engado un apartado bibliográfico onde se indican a(s) edición(s) anterior(es) do documento¹².

Documentos

1

1255, xaneiro, 22.

Dona Mariña Rodríguez, abadesa de Sobrado de Trives, afora a Xoán de Cerdeira un casal que o mosteiro posúe na igrexa de Cerdeira.

A. AHN, Clero, A Coruña, Mosteiro de S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 4 (sign. ant. AHN leg. 312, nº 56; AA mazo 7, nº 15). Quirógrafo (abcd). 150 x 165 mm. Excelente estado de conservación. Ref. en *Pauta de Pergameos* A15, fol. 83v.

Apuntamentos no dorso: “Foro de vn lugar de Çerdeyra açima dela iglesia [...] an de ser vasallo e obediente a Sobrado”.

ED.: Martínez Sáez [1988] (inéxito): 61-2, nº 29; Souto Cabo 2008:67, nº 44; Boullón Agrelo / Henrique Monteagudo [2008] (no prelo): nº 21.

Jna era M^a CC^a LXXXX^a IJI^a Anos. Cunuzuda cousa sea a *quantos uirem*¹³ esta ¹² carta que eu, dona Mariña Rodríguez, abadesa de Ssobrado, fazo a tñ, ¹³ Ioam Cerdeira, carta e uerbo do casar que esta sobre a egressa de Cerdera ¹⁴ en que morou Bartolameu. *Per* tal *precto* que tu aias est casar dicto ¹⁵ en *teus* dias e *poes* ficar á uno amigo *qual* *quiseres* en seus dias; e tu é ¹⁶ ele *seé*rdes uasalos de *quem* touer o monestei-ro de San Saluador, e *fazerdes*¹⁷le tal foro deste casar *qual* *fizerem* dos octros de Cerdeira. E *fazerdes* du¹⁸as casa¹⁹s/ ena *herdade cum* seu curral. Octro²⁰si *que* as aias tu en *teus* dias é ¹⁹ um amigo *lqual* *quiseres* des²⁰poes.

Testes *que* uírom este *precto* octorgar: Martjm ¹⁰ Sanchez, clerigo; dom {Michael}, clerigo; Fernam Fernandez, clerigo; e todolos octros clerigos ¹¹ do lugar. Todalas donas octro²⁰si *forom* de presente.


¹¹ Nesta ocasión empreguei a *Pauta de Pergameos* A15 (carp. *Beneficior* 6) e A1d, Partido de Trives, pertencentes ao Fondo S. Paio de Antealtares.

¹² É de salientar que a maior parte delas constitúen edicións filolóxicas favorecidas polo novo pulo investigador que nos últimos anos vén caracterizando o estudo da emerxencia do galego instrumental. Polo seu valor lingüístico tamén remito cando é pertinente ao traballo de Pensado 1969, no que se comentan diversas vocábulos presentes nestes documentos.

¹³ Desenvolvo a nasalidade consonántica como <m>, pois é a opción maioritaria deste amanuense, Paio Eanes, nos documentos que redacta (nº 1, 2 e 3). Formas nas que aparece <m> por extenso: *dom* (5 ocorrencias), *Ioam* (2), *Martim*, *queta* (5), *um*. A grafía <n> só é empregada sistematicamente na prep. *en* (18), o cal é esperable pola influencia gráfica do étimo, e en catro ocasións máis nos substantivos *don* (cfr. *dom*) e *San* (3). Por tanto, nestes tres primeiros documentos, unicamente desenvolvo <n> no caso da citada preposición. En posición medial ante <p> e non temos exemplos da forma plena, así que opto pola solución maioritaria (ex. “tempo”).

Fecta carta eno |¹² mes de ianeiro, en dia de San Ujzente. Regnante el rej dom Afonso |¹³ en Siujlia, en Leom, en todos seus regnos; meirino en Galiza don Rodrigo |¹⁴ Suarez, tenente Caldelas dom Rodrigo Afonso, bispo en Astorga dom |¹⁵ Pedro, arcidia-góo dom {Matheus}, arciprest Martim Sanchez.

Est casar de su|¹⁶ so dicto damos a tj, Ioam Cerdeira, com toda sua directura. Pelagius Io|¹⁷hannis, presbiter, qui notuít et fujt testes.



Doc. 1 - AHN, Clero, A Coruña, Mosteiro de S. Paio de Anteaules, carp. 521, nº 4.

1255, xullo, 10¹⁴.

Dona Mariña Rodríguez, abadesa do mosteiro de Sobrado de Trives, afora a Vasco Fernández e a súa muller Mariña Pérez a Cabana do Cazapedo.

A. AA, Fondo Pergameos, S. Salvador de Sobrado de Trives, mazo 2A, nº 9 (sign. ant. mazo 7, nº 48). Quirógrafo (abcdef). 185 x 164 mm. Excelente estado de conservación. Ref. en *Pauta de Pergameos* A15, fol. 84v.

Apuntamentos no dorso: "Foro da cabana do Cacapedo"; na outra marxe: "da cabana do Caçapedo".

ED.: Duro Peña 1967: 65-6, nº 8; Martínez Sáez [1988] (inédito): 63-4, nº 30; Souto Cabo 2008:68-9, nº 46; Boullón Agreló / Henrique Monteagudo [2008] (no prelo): nº 22; Rodríguez Parada [2008] (inédito): doc. 3. Com. ling. en Pensado 1969: 169 (*freitío*).

Jna era M^a CC^a et LXXXX^a IJI anos. Cunuzuda cousa sea per este scritto a todos |² aqueles que esta carta uirem que eu, dona Marina Rodriguez, abadesa |³ de Sobrado, cono conuento das donas e dos clerigos, por proe do moesteiro, |⁴ dou a ti, Váásquo Fernandez, é a tua moler Marina Perez, e a uno filio despoes |⁵ de uosa morte ou fila que seiam uosos, a Cabana do Cazapedo a foro, que |⁶ diades ende cada ano quarta¹⁵ e dezmo do fectjo; e de canto arumperdes, dar |⁷ quinta e dezmo e ÍÍÍ soldos cada Samigael de ujudimía. E séer uosa |⁸ fila vasala de quem touer o monesteiro dicto. E dar X soldos por lujtosa e |⁹ nom fazer maes foro deste dicto. E auerdes en foro de quinta e de dez¹⁰ mo para filo e para neto ela herdade que comprastes de Maria Fernandez, moler |¹¹ que foe de Joham Fernandez de Pena Ferreira. E uenderdes esta compra a quem |¹² faza este foro dicto, e conujdar ante o monesteiro.

Que presentes foram e ujrom |¹³ este precto octorgar: Martjm Sanchez e dom {Michael}, clerigos, e Abrid {Pelaez}, |¹⁴ Rodrigo Afonso e Ioham Gunzaluez, e los octros clerigos; dona Maior Afonso |¹⁵ e dona Sancha Perez, prior, e las otras donas; é octros mujtos e todos testes¹⁶. |¹⁶

Rej dom Afonso en Leom, en Siujlja e en todos seus regnos; meirino dom Rodrigo Suarez, |¹⁷ bispo dom Pedro, arcidiagóo dom {Mateus}.

Fe\c/ta carta e confirmada eno |¹⁸ mes de iuljo, X dias andados.

Pelagius Iohannis qui notujt.

¹⁴ Duro Peña (1967: 65) indica erroneamente 'xuño'.

¹⁵ Antes escribiu "q'nta".

¹⁶ Forma empregada por este amanuense e no mesmo contexto nos docs. 1 e 3.

1256, marzo, 1.

Dona Mariña Rodríguez, abadesa do mosteiro de Sobrado de Trives, afóra a Domingo Miguez e a Feveiro Miguez a herdade de S. Salvador de Vilanova.

A. AA, Fondo Pergameos, S. Salvador de Sobrado de Trives, mazo 2A, nº 10 (sign. ant. mazo 7, nº 11). Quirógrafo (abcdef). 147 x 145 mm. Bo estado de conservación (a marxe esquerda está un pouco deteriorada). Ref. en *Pauta de Pergameos* A15, fol. 83v.

Apuntamentos no dorso: "Da heredad de San Saluador de Vilanova; fecho a Domjngo Mjguez"; na outra marxe "Foro de Domjngo Mjgeiz".

ED.: Duro Peña 1967: 66-7, nº 9; Martínez Sáez [1988] (inédito): 65-6, nº 31; Souto Cabo 2008:75-76, nº 55; Boullón Agrelo / Henrique Monteagudo [2008] (no prelo): nº 30; Rodríguez Parada [2008] (inédito): nº 4. Com. ling. en Pensado 1969: 167 (*xesma*).

Jna era M^a CC^a LXXXX IIIJ. Cunuzuda cousa seia a quantos ¹² esta carta virem que eu, dona Marina Rodríguez, abadesa ¹³ de Sobrado, com octorgamento das donas e dos clerigos dese monest¹⁴ steiro, fazo foro a uos, Domingo {Miguez}, e a uos, Feueiro {Mj}galez, de la herdade de San Saluador que á en Uilajnoua. De quanto ¹⁵ laurardes de monte dardes xesma a este noso \monest¹⁶iro/ e senas gali¹⁷nas cada ano e XI¹⁷ ouos e nom maes¹⁸. E séerdes uasalos ¹⁸ uos e quem ficar apos uos de quem touer o monest¹⁹iro, e dar ¹⁹ quinta desta herdade dictra apos uosa morte. E nom uenderdes ¹⁰ nem supinorardes a caualeiro nem a santuario, se|nom ¹¹ a leigo que faza este foro dicto. E conujdardes ante o monest¹²iro ¹² e auerdes \esta/ herdade uos e uosa semem.

Testes que uirom é ouúj¹³rom: dona Maior Afonso e dona Sancha Perez, prior, e todalas ¹⁴ octras donas; e Martjm Sanchez e Fernam Fernandez, e todolos octros ¹⁵ clerigos.

En ese tempo regnava el rey dom Alfonso en Súu¹⁶lia, en Leom é en todos seus regnos; meirino en toda Galiza ¹⁷ dom Rodrigo Suarez, bispo en Astorga dom Pedro, arcidiagóo dom ¹⁸ {Mathews}.

Fecta carta o primeiro dia de marcjo, e con|firt/mada ¹⁹ pela carta de Sobrado.

Pelagius Iohannis notuít.

Jna era M^a CC^a LXXXX IIIJ. Cunuzuda cousa seia a quantos ¹² esta carta virem que eu, dona Marina Rodríguez, abadesa ¹³ de Sobrado, com octorgamento das donas e dos clerigos dese monest¹⁴ steiro, fazo foro a uos, Domingo {Miguez}, e a uos, Feueiro {Mj}galez, de la herdade de San Saluador que á en Uilajnoua. De quanto ¹⁵ laurardes de monte dardes xesma a este noso \monest¹⁶iro/ e senas gali¹⁷nas cada ano e XI¹⁷ ouos e nom maes¹⁸. E séerdes uasalos ¹⁸ uos e quem ficar apos uos de quem touer o monest¹⁹iro, e dar ¹⁹ quinta desta herdade dictra apos uosa morte. E nom uenderdes ¹⁰ nem supinorardes a caualeiro nem a santuario, se|nom ¹¹ a leigo que faza este foro dicto. E conujdardes ante o monest¹²iro ¹² e auerdes \esta/ herdade uos e uosa semem.

Testes que uirom é ouúj¹³rom: dona Maior Afonso e dona Sancha Perez, prior, e todalas ¹⁴ octras donas; e Martjm Sanchez e Fernam Fernandez, e todolos octros ¹⁵ clerigos.


En ese tempo regnava el rey dom Alfonso en Súu¹⁶lia, en Leom é en todos seus regnos; meirino en toda Galiza ¹⁷ dom Rodrigo Suarez, bispo en Astorga dom Pedro, arcidiagóo dom ¹⁸ {Mathews}.

Fecta carta o primeiro dia de marcjo, e con|firt/mada ¹⁹ pela carta de Sobrado.

Pelagius Iohannis notuít.

¹⁷ O mesmo numeral aparece repetido a continuación.

¹⁸ O <e> parece riscado.




Doc. 3 - AA, Fondo Pergameos, S. Salvador de Sobrado de Trives, mazo 2A, nº 10

1260, xaneiro, 23.
Rodrigo Fernández e súa muller María Rodríguez, por mandado de dona Mariña Rodríguez, abadesa do mosteiro de Sobrado de Trives, aforan a Pedro Pérez e a súa muller María Eanes diversas herdades próximas a Riocereixa (conc. Pedrafita do Cebreiro).

- A. AHN, Clero, A Coruña, S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 10 (sign. ant. AA mazo 6, nº 29). Híbrido latino-romance¹⁹. Quirógrafo (abcde). 160 x 180 mm. Bo estado de conservación (na marxe esquerda ten algún roto). Ref. en *Pauta de Pergameos* A15, fol. 83v.
- ED.: Martínez Sáez [1988] (inédito): 78-9, nº 38; Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 150 (parcial); Gutiérrez Pichel 2007:82-3 nº4.

Era M^a CC^a LXXX^a VII^a et quotum X kalendas februarij. Notum sit omnibus presentibus et futuris quod ego, Rodericus Fernandi, una cum uxore¹² mea domna Maria Roderici et per co(n)silium et mandatum domne Marine, abbatisse de Sobrado,



Doc. 4 - AHN, Clero, A Coruña, S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 10

¹⁹ Ofrezco aquí só o espazo diplomático dispositivo onde se especifican, en romance, o deslinde das herdades obxecto de enfiteuse (para a transcripción íntegra vid. ref. bibl.). En Gutiérrez Pichel [2008b] (no prelo): § 6.2.1 editamos outro documento híbrido latino-romance vinculado a Sobrado e situado aproximadamente no 2º terzo do séc. XIII: trátase dun documento non dispositivo (non autenticado por fedatario) no que escrituriza unha pesquisa sobre as propiedades reguengas do mosteiro de S. Salvador de Sobrado de Trives na terra de Laioso. Dito texto é tamén obxecto de edición en Lorenzo / Pérez (inédito) e Souto Cabo [2008] (no prelo): nº 3.

et conuentus eiusdem monasterij, damus et conce³d[im]us uobis, Petro Petri, et uxori uestre Marie Iohannis et filiis et nepotibus uestris, quamta hereditate habemus alende o Rio de Cel⁴reysa, dela²⁰ careira que uay pora Castro atroen_no nosso agro do casar de Nugeiras; foras inde ha cortina de Corraes que |⁵ ten Maria Canelas cabo ó orto de Santo Laurenzo e otros dos cortineiros que ten Sancha Petri in Santo Laurenzo, e quanta inde non ten |⁶ o nosso casar de Nugeiras cun sua fructa. E mas uos damos o orto de Santo Laurenzo e la meadade da costa e do castro de |⁷ Santo Laurenzo, e desta parte medietatem de dos nugeiras e de una castaneira e as meas das cerdeyras, sacadas inde as |⁸ [—]na e as d' ante á casa que eu fazo ao rio. [...]

Petrus Garsie, notarius juratus concilij Montisfortis, notuit ad placitum amborum partium presentes et concedentes.

5

1260, maio, 13.

Xoán Eanes e súa muller Mariña Sánchez venden a Orraca Fernández as propiedades que posúen na vila de Condelle (conc. Castro Caldelas).

A. AHUS, Fondo Blanco Cicerón, nº 165 (sign. ant. AA mazo ?, nº 21²¹). 135 x 145 mm.
Bo estado de conservación (unha rotura na marxe esquerda).

Apuntamentos no dorso: "Sobrado. Donacion que le hizo vn seglar en la villa de Condelle, freguesia de San Juan, y declara los terminos".

ED.: Martínez Sáez [1988] (inérito): 82-3, nº 40; Souto Cabo 2008: 134, nº 130.


